



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

Impacto da hipotética fusión de Caixa Galicia e Caixanova sobre o emprego

Preámbulo

Temos realizado numerosos estudos e avaliacións sobre a situación do sector financeiro. Finalmente os feitos, sempre teimudos, remataron tristemente por darnos a razón: o sistema financeiro, e por ende o galego, sofren unha dura crise. Neste informe non se trata polo tanto de avaliar a crise, senón de valorar o impacto sobre o emprego dunha posible fusión das Caixas Galegas.

Temos claro que calquera medida que se tome hoxe sobre as Caixas terá graves implicacións laborais: finalmente serán os traballadores e traballadoras do sector de aforro, quen paguen as consecuencias das malas xestións e das malas supervisións por parte dos gobernos da Xunta de Galicia e do Banco de España.

A falta dunha estratexia clara sobre as Caixas de Aforros Galegas por parte dos gobernos galegos, fai hoxe que calquera saída á crise financeira sexa traumática. No canto de favorecer a colaboración entre as Caixas e a procura de sinerxías, os xestores apostaron por unha expansión das Entidades a nivel galego baseada nun "abro onde ti esteas" que encarece agora a fusión, e nunha desmedida e mal calculada expansión fóra de Galiza que está hoxe na base do problema das Entidades.

Neste senso, entendemos prioritario abrir un debate sobre o modelo de Caixas de Aforros para evitar que o actual proceso de concentración remate coa súa privatización, tal e como aconteceu na Gran Bretaña, Francia ou Italia.

Porque o debate sobre a concentración e posterior privatización das Caixas de Aforros non é novo, pero a crise está sendo utilizada como escusa para continuar co mesmo deseño de sistema financeiro xa fracasado. Gran Bretaña foi pioneira na desaparición das Caixas de Aforros, en establecer un sistema financeiro totalmente privado; hoxe, todos e todas coñecemos as consecuencias.

En todo caso, ante a hipotética fusión de Caixa Galicia e Caixanova, pensamos que era preciso elaborar unha achega que analizase o impacto na rede de oficinas, nos servizos centrais e polo tanto as repercusións sobre o emprego en Galiza. Así mesmo, analizamos o número de persoas que poderían adherirse a hipotéticas prexubilacións como saída para o "excedente" de persoal.

1. Coincidencia de oficinas na rede galega.

Para calcular o impacto sobre a rede de oficinas utilizamos os seguintes criterios:

- No noso cálculo mantemos a actual cobertura de servizos financeiros en todos os concellos do rural e nos barrios das cidades. Este criterio non sempre pode coincidir con criterios de rendibilidade.
- Entendemos que en pobos e vilas pequenas, é dicir, en oficinas con menor volume de negocio, a coincidencia en concellos do rural pode levar ao peche dunha das oficinas.
- No caso das vilas e cidades entendemos que cando coinciden dúas oficinas nun radio de 300 metros, pode levar ao peche dunha das oficinas.
- No caso de zonas con notable actividade comercial ou industrial, optamos sempre por manter a estrutura actual de oficinas.
- No caso de coincidencia, estimamos que quedaría aberta a oficina con maior volume de negocio (desestimando propiedade do local, etc.).
- Todos os datos de número de oficinas e de persoal son a data 31/3/2009; sendo conscientes de que estes datos están en constante evolución, utilizamos aquela data máis próxima na que dispoñemos de datos asimilables das dúas empresas.

Oficinas a pechar por provincia e persoal "excedente".

	Pontevedra	Ourense	A Coruña	Lugo	Galiza
Oficinas	62	70	59	16	207
Persoal*	305	250	201	62	817

*Inclúe servizos centrais provinciais, agás os de Caixanova en Pontevedra.

En contra do feito público por outro sindicato, Lugo é a provincia menos afectada debido a menor presenza de Caixanova nese territorio.

Como era de agardar, as provincias de Pontevedra e Ourense son as máis afectadas, algo lóxico dado que Caixa Galicia integrou no seu día a Caixa Rural de Pontevedra e a Caixa Rural de Ourense e, posteriormente, Caixa Galicia continuou coa expansión nesas provincias, nomeadamente coa apertura de urbanas, entanto Caixanova é froito da fusión de Caixavigo, Caixa Ourense e Caixa Pontevedra.

2. Servizos Centrais (SSCC) Caixanova e Caixa Galicia.

As consecuencias de calquera fusión sobre o emprego nos SSCC son evidentes, así como as consecuencias do peche de oficinas ás que por definición os distintos departamentos centrais deben dar servizo.

En todo caso, dependerá en maior medida do propio acordo de fusión. Non é distinto territorialmente mesmo manter SSCC descentralizados en varios puntos de Galiza, que centralizalos nunha sola localización (cando non en Madrid como xa sucede nalgún caso ou como no anunciado SIP entre Caja Navarra e Caja Canarias).

A experiencia de anteriores fusións, lévanos a pensar que, a medio prazo, desaparecerán os servizos centrais da cidade que perda a sede social da nova caixa. Polo mesmo motivo, e tendo en conta a redución de oficinas en Galiza e fóra de Galiza, podemos estimar que os SSCC perderán un 40% dos postos de traballo.

E iso sen ter en conta o numeroso persoal de empresas auxiliares como CXG (118 persoas), CISER (56 persoas), etc. A fusión podería ter repercusións sobre o emprego nas auxiliares, polo que é un punto que debería ser abordado en calquera negociación sobre calquera fusión.

Por último indicar que o persoal dos servizos provinciais, naqueles casos nos que podan verse afectados, inclúense no "excedente" por provincias.

Persoal Servizos Centrais

	A Coruña	Pontevedra
Caixa Galicia	839*	
Caixanova		863*

3. Posibles saídas de reconversión "branda"

Consideramos que sería posible un proceso de prexubilacións para dar saída ao persoal "excedente". Para a análise, partimos de persoas que no ano 2010 cumprarán os 55 anos.

Caixanova: persoal prexubilable por provincias

Idade	Pontevedra	Ourense	A Coruña	Lugo
>60	96	22	5	2
54 a 60	312	100	30	6
De 54 a >60	408	122	35	8

Caixa Galicia: persoal prexubilable por provincias

Idade	Pontevedra	Ourense	A Coruña	Lugo
>60	4	5	35	3
54 a 60	41	53	304	51
De 54 a >60	45	58	339	54

Nova Caixa de Galicia: Persoal prexubilable por provincias

Idade	Pontevedra	Ourense	A Coruña	Lugo
>60	100	27	40	5
54 a 60	353	153	334	57
De 54 a >60	453	180	374	62

4. Conclusiones

A fusión de Caixa Galicia e Caixanova tería graves consecuencias sobre o nivel de emprego en Galiza (ao que habería que engadir no resto do Estado, non incluído no informe, dado que non é o noso marco de actuación).

O impacto derivado do posible peche de entorno a 207 oficinas afectaría a 800 empregos directos das Caixas, aos que habería que engadir o persoal de seguridade, limpeza, mantemento, etc.

En relación con este peche de oficinas e a duplicidade nos SSCC, o impacto sobre estes últimos calculamos que sería unha redución entorno ao un 40%.

Nas provincias de **Lugo e A Coruña o impacto sobre o emprego das Caixas podería ser amortizado a través dunhas hipotéticas prexubilacións**, que destrúen emprego pero de xeito menos traumático. O problema nesta última provincia estaría centrado nas empresas auxiliares de Caixa Galicia.

En **Ourense as persoas prexubilables son 180, menos que os posibles "excedentes" de persoal 250 persoas**, o que podería

implicar consecuencias traumáticas se non se aceptase rebaixar o límite de idade nunhas, xa de por si, hipotéticas prexubilacións.

Na provincia de **Pontevedra** o **persoal excedente de oficinas podería situarse entorno ás 305 persoas**, ás que habería que engadir **os excedentes dos SSCC**; se a redución nos SSCC da nova empresa chega ao 40% do emprego, **serían 681 persoas** e, a priori, afectaría en gran medida á provincia de Pontevedra.

Dependendo da decisión da permanencia ou non de servizos de apoio o impacto sobre o emprego sería maior ou menor. En todo caso as **persoas en idade de prexubilación só serían 453 en toda a provincia de Pontevedra**, cando o excedente de persoal pode achegarse ás 1.000 persoas.

	Pontevedra	Ourense	A Coruña	Lugo
Prexubilables	453	180	374	62
"Excedente"	305 + 681*	250	201	62

* Persoal de oficinas máis persoal servizos centrais.

Máis alá do impacto sobre o emprego, que podería ser subsanado parcialmente con prexubilacións para o persoal maior de 55 anos ou totalmente rebaixando a idade de prexubilación (*prexubilacións con cargo ao FROB e polo tanto con cargo ao erario público, algo máis que cuestionable sindicalmente cando millóns de persoas están quedando no paro sen máis*), **a fusión podería implicar tamén a aplicación de mobilidade xeográfica e traslados, e tería impacto sobre a carreira profesional e os salarios (ceses por peches de oficinas, etc)**. Cuestións que habería que ter en conta e serían un punto de conflito nun posible Acordo Laboral que por outra parte debería homologar as condicións laborais.

Galiza, outubro de 2009

